



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 15 de outubro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15 de outubro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08/10/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/4526

Dáse conta do escrito do Servizo Provincial de Costas informando favorablemente a colocación de dous semáforos de forma provisional e instalación de balizas de plástico con bandas reflectantes ao longo de todo o recorrido para mellorar a seguridade dos viandantes e ciclistas na rúa Valle Inclán. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4528

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M^a Josefa do Rio Rey** expoñendo que é titular dunha parcela sita en Outeiro de Cea-Cea nº27, que conta cunha superficie de 504 m², e desta fica cede ao Concello unha porción de 51 m² de terreo, para ampliar as rúas Sobreiral e rúa Outeiro de Cea que bordean a parcela da súa propiedade. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a cesión, comprometéndose a ampliación dos viais citados nesa zona.

Dar conta á Xerencia Municipal de Urbanismo.

PRP2018/4532

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús Ferreira Castaño, en representación de **Escola de Música Coda**, solicitando autorización para levar a cabo unha exhibición de danza cubana na Praza de Galicia, o día 20 de outubro, sobre as 12 horas, así como a colaboración municipal cunha toma de corrente para amplificación de sonido.



Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para ocupación de vía pública, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/4533

Dáse conta do escrito presentado por Dona Gumersinda Bonome Varela, en representación de **Asociación Galega de Linfedema**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia, o día 07 de decembro, de 10:00 a 13:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión dunha carpa, 3 mesas e 4 sillas.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para ocupación de vía pública, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión do material indicado.

PRP2018/4558

Dáse conta do escrito presentado por Don Manuel Melon Santos, en representación de **Tapería O Misterio**, solicitando autorización para levar celebrar a festa da cervexa (Oktoberfest) instalando na terraza da tapería unha barbacoa, os días 11, 12, 13, 14, 19, 20 e 21 de outubro. Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para ocupación de vía pública, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas. Deberá presentar un plano onde se vai levar a cabo a celebración e permiso escrito dos veciños colindantes á dereita e esquerda.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2018/4568

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Seguridade en relación co Obradoiro de Emprego “Labora Xoven 2018. Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a utilización dos 14.438,40 € do módulo B da subvención concedida, para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro de Emprego “Labora Xoven 18. Concello de Vilagarcía”, durante os meses do seu funcionamento.
- Dar conta ao Director do Obradoiro D. Javier Saso Vías.

PRP2018/4569

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Alba Mery García Forero**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 674,52 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4570

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Aida Ruth Rodríguez Córdoba**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4571

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Cecilia Fresco Fernández** en representación de **VILLAGE BAKERY SC**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.



No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4572

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Juan Carlos Rodríguez Ares.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego no que se indica que o solicitante non cumpre os requisitos establecidos nas bases 2.1 e 31. da convocatoria e tendo en conta que non aportou a documentación requirida no prazo concedido, a Xunta de Goberno Local acorda ter por desistido da súa solicitude a D. Juan Carlos Rodríguez Ares, e por tanto denegar a axuda solicitada.

PRP2018/4573

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Miguel Angel Rey Patiño.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2018/4527

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo a celebración das Festas de San Roque 2018, polo que a Deputación Provincial achega un importe de 6.000,00 € para sufragar os gastos derivados da organización de ditas festas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4577

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para contratación de persoal nas Oficinas de Turismo do 15 de xuño ao 15 de setembro, facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destínase á finalidade para a que foi concedida (contratación dun técnico en turismo para atender o incremento de visitantes e de demandantes de información na Oficina Municipal de Turismo, situada na Praza da Peixería, coma no Museo do Ferrocarril (MUFEVI).

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

MES	TOTAL RETRIB.	S.S. EMPRESA	CUSTE
Xuño	599,00	196,17	795,17
Xullo	1148,95	373,34	1522,29
Agosto	1445,59	374,26	1519,85



Setembro	671,79	187,13	959,32
TOTAIS	3565,33	1130,90	4796,63

Medio Ambiente

PRP2018/4578

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **H P C IBÉRICA SA** para subministro de material para reparación de dous xogos no Parque Infantil de A Xunqueira, por un importe total de 2.146,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/4534

Dáse conta da sinatura dun convenio de colaboración coa **Asociación XTodas** para levar a cabo accións de acompañamento de mulleres vítimas de violencia machista, cunha contía de 2.000,00 €, con cargo á partida 2312.489. (Proxecto 3 nº 01/30/18).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio e o recoñecemento de obriga polo importe de 1.000,00 € (50%) de conformidade coa cláusula sexta do mesmo.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/4581

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xuño de 2018 de adxudicación de contrato a favor de Dona Ana Belén Díaz Casal ao abeiro do convenio económico-cultural asinado coa Asociación de Veciños Agustín Romero, figurando no mesmo:

....Limpeza do centro cultural de Cornazo de xaneiro a xuño de 2018...

E debendo dicir:

....Limpeza do centro cultural de Cornazo de xaneiro a decembro de 2018...

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2018/4582

Vista a solicitude de Dona Eva María Silva, en representación de **Asociación TDAH SALNÉS**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, o día 26 de outubro, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha charla-conferencia con motivo da celebración do mes europeo de sensibilización do TDAH, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4583

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2018 de aprobación orzamento correspondente ao Acto Cultural “Quero ver o mar”, onde figura un orzamento de D. Carlos Galbán Zaragoza para instalación e asistencia de equipo de son, por importe de 459,80 €.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a ampliación do gasto correspondente a D. Carlos Galbán Zaragoza, pasando a un importe total de 762,30 €, debido a que foi necesaria a instalación doutras características técnicas ás inicialmente aprobadas, polo que o gasto total do acto cultural “Quero ver o mar” ascende a 3.366,37 €, con cargo á partida 334.22609.

PRP2018/4584

Vista a solicitude de **D. José Antonio Ríos Martínez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 9 de novembro de 2018, en horario de 17:30 a 20:00 horas, para a celebración dunha asemblea dos Emigrantes Retornados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4616

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun Convenio de Colaboración coa Entidade **Cine Clube Ádega** para a concesión dunha subvención, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.489, para actividades de carácter audiovisual, con proxeccións de films que se atopan fora do circuíto comercial actual, en versión orixinal subtitulada, durante todo o ano 2018.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/4529

Dáse conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Sociedade Álvarez Conchado e Hijos SA para o alugueiro das seguintes parcelas da citada sociedade para aparcamento situadas en Rúa Francisco Porto Rey nº 3 e 5 e Avda. de Cambados (4 parcelas en total), cun importe de alugueiro anual de 578,1 € por cada parcela:



1. Rúa Francisco Porto Rey nº 3, que conta cunha superficie de 679 m², con referencia catastral 895321NH1185S0001SL.
- 2.- Rúa Francisco Porto Rey nº 5, que conta cunha superficie de 786 m², con referencia catastral 8953220NH1185S0001SL.
- 3.- Avenida de Cambados, que conta cunha superficie de 1.326 m², con referencia catastral 8953219NH1185S0001UL.
- 4.- Avenida de Cambados, que conta cunha superficie de 870 m², con referencia catastral 8953217NH1185S0001SL.

A propiedade reservase o uso de 6 prazas de aparcamento e o dereito a colocar unha caseta de obra, cuxa situación e dimensións se concretará no contrato de arrendamento a subscribir entre as partes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2018/4585

Dáse conta de resolución do **AGADER** (Consellería do Medio Rural), pola que realizan un pagamento anticipado ao Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 23.924,00 € para a obra "Mellora do camiño Rural na Rúa Real en Cea (da Rúa Antuín á Rúa Carballos).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4586

Dáse conta de escrito presentado por Dona Gloria Zúñiga Ruak, en representación de **Galivalia Consulstgo SL** solicitando unha ampliación do prazo máximo de execución do contrato de servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un período de 6 meses.

Visto o informe da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o prazo fixado inicialmente para a execución dos traballos foi de 12 meses é que este rematou o 17 de xuño de 2018, acorda concederlle a prórroga solicitada, que debe ter efectos dende o 17 de xuño de 2018, e remataría o 17 de decembro de 2018.

PRP2018/4587

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto denominado "Substitución de material de cobertura no Pavillón de Faxilde", redactado polo arquitecto técnico D. Joaquín Lustres Carregal, cun orzamento (IVE incluído) de 57.154,52 €, supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal en data 17 de setembro de 2018.
2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ao 100%, con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 3 de xaneiro de 2018, para a anualidade de 2019.

PRP2018/4588

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado "Muro de mampostería en O Lago-Castroagudín", redactado polo enxeñeiro técnico D. Oscar Álvarez González, cun orzamento (IVE incluído) de 49.668,98 €, sendo financiado con cargo ao orzamento municipal de 2018, na aplicación orzamentaria 454.61900 (Obra 2 nº 05/23/2016).



PRP2018/4589

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se concede, por reinvestimento de baixas, ó Concello de Vilagarcía de Arousa, a cantidade de 11.366,50 €, con destino ó financiamento do investimento “MURO DE MAMPOSTERÍA EN RUA GALANS E CAMIÑO MONTE DE EIVIÑO”, cun orzamento total de 21.003,58 €, sendo a achega municipal de 9.637,08 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4590

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se concede, por reinvestimento de baixas, ó Concello de Vilagarcía de Arousa, a cantidade de 12.412,08 €, con destino ó financiamento do investimento “REFORMA DA REDE DE PLUVIAIS NA RÚA LOUREIRO TRABANCA SARDIÑEIRA”, cun orzamento polo mesmo importe.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/4595

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 1.595,47€, con cargo ás partidas que se indican: (Rel. F/2018/93)

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/4873	2018 161 22100	53,49	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (24/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4876	2018 334 22100	102,92	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (26/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4877	2018 165 22100	8,02	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso estimado (1.955kW * 38.043426 Euros/kW y año * (25/365) días) / Importe por margen de come
F/2018/4878	2018 161 22100	51,96	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.928kW * 38.043426 Euros/kW y año * (27/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/4886	2018 165 22100	228,17	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/4891	2018 161 22100	114,01	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (24/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4892	2018 161 22100	16,61	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.944kW * 38.043426 Euros/kW y año * (29/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/4893	2018 320 22100	183,92	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.75kW * 38.043426 Euros/kW y año * (27/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2018/4894	2018 165 22100	332,15	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (25/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4895	2018 165 22100	21,56	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.2kW * 38.043426 Euros/kW y año * (27/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4897	2018 165 22100	12,11	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.933kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/4903	2018 920 22100	3,98	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (.978kW * 38.043426 Euros/kW y año * (24/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2018/4907	2018 165 22100	16,17	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.2kW * 38.043426 Euros/kW y año * (26/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4910	2018 165 22100	296,38	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (7.16kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2018/4911	2018 165 22100	3,64	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso estimado (.978kW * 38.043426 Euros/kW y año * (22/365) días) / Importe por margen de comer
F/2018/4913	2018 165 22100	56,99	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.3kW * 38.043426 Euros/kW y año * (26/365) días) / Importe por margen de comercialización
F/2018/4915	2018 161 22100	93,39	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.928kW * 38.043426 Euros/kW y año * (25/365) días) / Importe por margen de comercializac
TOTAL		1.595,47		



PRP2018/4602

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Integraldata Security, S.A.**, polo importe de 253,00€, da factura nº FA6650 (REX. 18/6691), polo aluguer e recollida de documentación para destrución e reciclado correspondente ao mes de agosto 2018, con cargo ás seguintes partidas:

Partida	Importe
132-22799	11,00€
231-22799	11,00€
2311-22799	11,00€
2312-22799	11,00€
920-22799	60,50€
150-22799	38,50€
931-22799	38,50€
334-22799	11,00€
3261-22799	11,00€
165-22799	11,00€
3262-22799	38,50€
Total	253,00€

PRP2018/4603

Visto o informe da Concelleira de Cultura, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Juan José Canto Búa**, polo importe de 1.034,55€, da fra. nº A 12236 (Rex. 18/6698), correspondente ó subministro de sacos de basura Indal, con cargo á partida 338-22110.

PRP2018/4604

Visto o informe da Concelleira de Cultura, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Clece, S.A.** polo importe de 1.109,76€, da fra. Nº02148000018818F (REX 18/6868), correspondente ó servizo extraordinario de limpeza nos baños portátiles (festas de San Roque), con cargo á partida 338-22700.

PRP2018/4605

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 16/07/2018 aprobación orzamento para reparación de vehículo matrícula 2348GHV. Onde dí con cargo á partida 164-214, debe dicir con cargo á partida 161-214.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora acorda corrixir o citado erro e o recoñecemento de obrigación a favor de **Dalonga, S.A.**, polo importe de 861,68€, da fra. nº TVI18 1352, correspondente á reparación do vehículo matrícula 2348GHV, con cargo á partida 161-2014.



PRP2018/4606

Visto o informe do Concelleiro de Parques e Xardíns, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Francisco Padín Silva**, polo importe de 621,76€, da fra. nº 18225(REX 18/7482), correspondente ó arranxo dun cortacésped, con cargo á partida 170-213.

PRP2018/4607

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, polo importe de 30.600,00€, da liquidación 562/3018 correspondente a 2ª liquidación 2018 (curso escolar 2017-18) da Escola Infantil de Carril (Rex. 18/7640), con cargo á partida orzamentaria 323.22646 (Prox. 3 nº 03/01/2018).

PRP2018/4608

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, polo importe de 8.750,00€, da liquidación 426/2018 correspondente a 2ª liquidación 2018 polo cofinanciamento do Centro de Día (Rex. 18/7718), con cargo á partida orzamentaria 231-22646 (Prox. 3 nº 01/01/2018).

PRP2018/4609

Acórdase o pago non orzamentario a favor de **Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros** pola factura N°101641_0918_09215802 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de setembro de 2018 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 12.431,50€, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2018/4610

Acórdase o pago non orzamentario a favor de **Sanitas S.A. de Seguros** correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2018 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 209,00 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2018/4611

Dáse conta da Xunta de Goberno Local do cumprimento da obriga de remisión do Período Medio de Pago (PMP), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, correspondente ao 3º trimestre de 2018 (15,36).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4613

